



Santiago de Compostela, 2026

18 de setembro

DÍA INTERNACIONAL POLA IGUALDADE SALARIAL

O Gabinete de igualdade, en colaboración coa Secretaría de Mulleres, Políticas de Igualdade e LGBTIQA+ do Sindicato Nacional de CCOO Galicia, reivindica un ano máis o Día Internacional pola Igualdade salarial, establecido pola ONU hai apenas seis anos.

CCOO súmase desde o ano 2020 a esta conmemoración, aínda que levabamos moitos máis tratando de visibilizar, describir e promover o regulamento dese fenómeno intrínseco á desigualdade de xénero, que pelexamos desde o eido laboral.

Temos a firme convicción de que visibilizar o problema da fenda salarial de xénero é o paso imprescindible para poder traballar na súa erradicación, dado que afecta ás mulleres (máis da metade da poboación) de forma inxusta e desprezable no seu acceso aos recursos en igualdade de condicións materiais e económicas. Amais, a discriminación salarial sustenta desigualdades de diversas naturezas, como a maior exposición á violencia e á pobreza extrema que sofren as mulleres en todo o mundo, en moita maior porcentaxe que os homes.

Un dos principais obxectivos do Gabinete de Igualdade do S. N. de CCOO de Galicia é a procura da igualdade salarial, baseada nunha igualdade de xénero que asente no apoderamento económico das traballadoras. Parafraseando o título e o famoso ensaio de Virginia Wolf¹ (desgraciadamente, non pasa aínda de moda), as mulleres deben ter

¹ *Un cuarto propio.*

Co financiamento de:



os cartos suficientes para contaren coa independencia económica que lles facilite levar unha vida en pé de igualdade cos homes.

Así, fronte ás crecentes respostas antifeministas negacionistas da ultradereita, coidamos esencial aproveitar esta data para lembrar que a conmemoración anual foi promovida pola Resolución da Asemblea Xeral de Nacións Unidas² baixo o tema *Promoción e protección dos dereitos humanos*. Non debemos esquecer que a igualdade é, por riba de calquera outra cousa, un dereito humano básico.

Por iso, este ano facemos un breve recordatorio histórico da implantación internacional deste día de reivindicación dos dereitos humanos.

Seguindo a recomendación da Resolución 41/14, de 11 de xullo do 2019, do Consello de Dereitos Humanos, relativa á igualdade de remuneración e á necesidade de declarar un día internacional da igualdade salarial «para celebrar o labor de todas as partes interesadas encamiñado a lograr a igualdade de remuneración por traballo de igual valor» o 30 de outubro dese mesmo ano, algúns dos países membros da ONU, entre eles España, promovían o proxecto para establecer esta data, que se consolidou na Asemblea Xeral a través da Resolución A/C.3/74/L.49, onde se ratificará «a obriga de todos os Estados membros de promover e protexer todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, reafirmando tamén que todas as formas de discriminación, incluída a discriminación contra as mulleres e as nenas, son contrarias á Carta das Nacións Unidas, á Declaración Universal de Dereitos Humanos (...), á Convención sobre a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (...) entre outros instrumentos de dereitos humanos pertinentes». Non debemos esquecer tampouco que a ONU xa viña falando da igualdade de remuneración desde os anos 50 do pasado século.

Así, establécese o 18 de setembro como Día Internacional da Igualdade Salarial (coa proposta de que se observará anualmente a partir do 2020), alentando a todos os Estados membros, as organizacións competentes do sistema das Nacións Unidas, a outras organizacións internacionais e a sociedade civil, incluídas as organizacións non gobernamentais e o sector privado, a que o conmemoren, coa finalidade de seguir apoiando o obxectivo da igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

As CCOO participamos desde hai tempo no desenvolvemento e vixilancia da aplicación das ferramentas que as leis propoñen para resolver estas desigualdades nos salarios e remuneracións, avogando por unha lexislación contundente sobre a súa obrigatoriedade nas empresas (registro retributivo) e mais nos plans de igualdade (auditoría salarial).

² Terceira Comisión, no 74º período de sesións.

A desigualdade nos salarios, maior aínda en Galicia, ten, inevitablemente, consecuencias económicas ao longo da vida das mulleres e promove, ademais, distintas discriminacións, tanto no eido laboral como no social. Especialmente, na nosa comunidade autónoma, onde o índice de envellecemento poboacional é altísimo, as mulleres maiores perciben, debido á fenda salarial que sofren durante toda a carreira laboral, unhas pensións miserentas.

Aínda que todo o ano loitamos contra as desigualdades no eido laboral, definidas como «fenda salarial» (pois aínda sendo obxectivos da Axenda 2030, nin a igualdade de xénero nin o apoderamento das mulleres se alcanzarán sen lograr un traballo decente para todas as persoas), este Sindicato defende e reivindica especialmente o 18 de setembro!

En definitiva, con esta reivindicación anual, a través da concienciación e da firme defensa e vixilancia da aplicación da actual normativa estatal e galega en materia de igualdade salarial, CCOO fomenta a aceleración do proceso de consecución da igualdade de xénero.

Igualdade salarial xa!